


GUÍA para clubes deportivos DIDÁCTICA

Adestra o teu músculo ético.



adestro
conciencia

Esta guía ten como obxectivo principal servir de ferramenta de uso fácil para estimular a implicación dos diferentes clubs deportivos galegos e federacións no proxecto ADESTRO CONCIENCIA da entidade Taller de Solidaridad, de xeito que se propicie unha participación autónoma e auto-dirixida na que os diferentes colectivos participantes sexan protagonistas do seu propio proceso de aprendizaxe e concienciación nos valores que promove o proxecto. Non se pretende que esta guía sexa un documento único que promova unha acción autodirixida de actividades, senón que a súa finalidade é ordenar pasos e resumir as aprendizaxes adquiridas ao longo destes últimos anos co fin de presentar dun xeito sinxelo e breve os principais puntos do proxecto.



ÍNDICE

	Páx.
Que é Adestro Conciencia? _____	4
Principios e valores _____	6
Interésache participar? _____	8
Que facer? _____	10
Proposta de actividades _____	11
Avaliación _____	19
Conclusións _____	23



Que é Adestro Conciencia?



ADESTRO CONCIENCIA é un proxecto que pretende modificar as nosas pautas de consumo creando conciencia crítica ligada ás nosas actividades deportivas en dous eidos de traballo: por un lado, búscase desenvolver actividades educativas dirixidas a nenos e nenas de 12 a 15 anos de diversos centros educativos e, por outro lado, pretende sensibilizar aos usuarios e usuarias dos diversos clubs deportivos galegos. Para logralo xeráronse diversas actividades nas que se pode participar a través dos diferentes clubs deportivos de Galicia así coma das federacións deportivas e/ou os eventos deportivos. As actividades xirarán entorno á concienciación sobre como os valores do deporte poden verse transgredidos a través da compra de accesorios e indumentaria deportiva fabricados en condicións indignas, de vulneración de dereitos humanos e que contribúen á degradación do medio ambiente. Co fin de xerar esta conciencia nas diversas actividades deportivas desenvólvense obradoiros que traballan a conexión entre os valores do deporte e os do Comercio Xusto, o consumo responsable e a igualdade de xénero.

O proxecto ADESTRO CONCIENCIA leva desenvolvéndose en Galicia dende 2017. Durante estes tres anos de percorrido, participaron nas diferentes actividades 16 centros educativos e 13 clubs deportivos nas catro provincias galegas, cun total de máis de 1.000 persoas participantes nas diferentes accións levadas a cabo no marco do proxecto.



Participar en Adestro Conciencia é...

Unha procura da comprensión do teu entorno mediante unha mirada crítica, superando os teus límites e propoñéndoche retos innovadores.

A xeración dun impacto positivo no teu entorno mediante a túa actividade deportiva.

Un compromiso pola igualdade e por un mundo máis xusto.

A creación dunha conciencia social que xere pensamento transformador no mundo do deporte.


O proxecto ADESTRO CONCIENCIA incide nunha maior reflexión da poboación participante entorno á vinculación entre os valores do deporte en conexión cos principios do Comercio Xusto. Neste sentido, promóvese unha práctica de consumo responsable que incida nas seguintes dimensións do desenvolvemento persoal e social das persoas que participan no proxecto:

1
DIMENSIÓN
Conciencia ecolóxica


2
DIMENSIÓN
Eficacia: facer máis
con menos

3
DIMENSIÓN
Cooperación

4
DIMENSIÓN
Educación e sensibilización



Principios e valores.



**RESPECTO
COOPERACIÓN
TRABALLO EN EQUIPO
CONVIVENCIA
COMPAÑEIRISMO
LOITA POLA IGUALDADE
SUPERACIÓN**

A maior parte da poboación participante no ADESTRO CONCIENCIA manifesta que o compañeirismo, o traballo en equipo, a relación social e o respecto son os catro valores sociais fundamentais vinculados á práctica deportiva do programa. Ademais, mediante a práctica das actividades que se describirán ao longo desta guía preténdese, tamén, desenvolver nos usuarios e usuarias das entidades deportivas que as apliquen, valores tales coma a autonomía, a iniciativa, a autoconfianza, o traballo en equipo e o sentido crítico.

O proxecto ADESTRO CONCIENCIA conecta os valores dos hábitos deportivos cos principios do Comercio Xusto e o consumo responsable a través do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o logro da AXENDA 2030. Neste sentido, as actividades do ADESTRO CONCIENCIA supoñen unha reflexión sobre a problemática dos nosos hábitos de consumo asociadas as prácticas deportivas e a xeración dunha conciencia crítica que incida na transformación da sociedade.

Os principais valores que se pretenden abordar nesta guía didáctica para a implementación do proxecto ADESTRO CONCIENCIA son aqueles que teñen que ver cos dereitos fundamentais das persoas e o respecto ao medio ambiente, á súa relación coas pautas de consumo cotiá nas nosas prácticas deportivas.

OBXECTIVOS **DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE**

Todo isto co fin de fomentar nos usuarios e usuarias valores coma a solidariedade, o compromiso e a coresponsabilidade ante as problemáticas sociais e ambientais da sociedade globalizada. Estes valores son os recollidos na Axenda 2030 e nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, os cales serán traballados ao longo das propostas das actividades desta guía. O obxectivo do percorrido das actividades planificadas é, asimesmo, xerar patróns de consumo máis conscientes e responsables como o Comercio Xusto, o cal defende dez principios fundamentais relacionados cos dereitos humanos:

1 OPORTUNIDADES PARA PRODUCTORES DESFAVORECIDOS 	2 TRANSPARENCIA E RESPONSABILIDADE 	3 PRÁCTICAS COMERCIAIS XUSTAS 	4 PAGAMENTO XUSTO 
5 NON AO TRABALLO INFANTIL, NON AO TRABALLO FORZOSO 	6 NON Á DISCRIMINACIÓN, SI Á IGUALDADE DE XÉNERO E Á LIBERDADE DE ASOCIACIÓN 	7 BOAS CONDICIÓNS DE TRABALLO 	8 DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES 
9 PROMOCIÓN DO COMERCIO XUSTO 	10 RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE 	OS DEZ PRINCIPIOS DO COMERCIO XUSTO	

Interésache participar?


Con esta guía didáctica queremos facilitar a labor dos adestradores e adestradoras dos diversos programas deportivos das entidades galegas, co fin de incidir nunha práctica deportiva consciente e transformadora da realidade social.

As actividades que se propoñerán, aínda que poden ser empregadas con público adulto, están deseñadas para ser empregadas con persoas novas, de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

O fin último desta guía é aportar os recursos necesarios ás persoas adestradoras, co fin de facilitar a implementación do proxecto ADESTRO CONCIENCIA e así mellorar as habilidades sociais e a reflexión crítica mediante o deporte. Ao mesmo tempo, as actividades desenvolvidas son flexibles e poderán ser adaptadas ás diferentes necesidades do grupo obxectivo. Así pois, as actividades definidas nesta guía xorden da experiencia de traballo desenvolvida polo proxecto dende o ano 2017 e teñen como finali-

dade servir de ferramenta aos adestradores e adestradoras para desenvolver na xuventude valores deportivos asociados a desenvolver capacidades e actitudes relacionadas co consumo responsable e o desenvolvemento sostible.

A metodoloxía desenvolvida nas actividades está deseñada en modo de proceso de ensino - aprendizaxe integrando o enfoque emocional e socio-afectivo mediante o cal os mozos e mozas das diferentes entidades deportivas poderán vivenciar as cuestións expostas, reflexionando sobre o proceso e reconstruíndo o coñecemento cara unha conciencia crítica que lle permita vincular a súa acción individual e a colectiva cara a transformación da nosa sociedade. Por isto, as propostas didácticas propostas queren xerar unha aprendizaxe significativa que supoña unha práctica innovadora no desenvolvemento das capacidades, aptitudes e valores.



Como formar parte do proxecto:

Co fin de xerar unha rede de traballo que facilite a experiencia das entidades e clubs deportivos cara unha concienciación do Comercio Xusto e a súa vinculación coa práctica e os valores deportivos, dende aquí, animamos aos clubs deportivos e federacións galegas a unirse á Rede de entidades participantes do ADESTRO CONCIENCIA.

Se formas parte dunha entidade ou institución deportivas que está interesada e motivada polas actividades do proxecto e queres poñer en marcha esta iniciativa e darlle continuidade no tempo, formando parte dunha rede de traballo en Galicia, que incida nunha verdadeira transformación da sociedade e nunha conciencia crítica dos mozos e mozas nas súas prácticas e valores deportivos, podes facelo a través de dúas vías:

Autodirixida e autónoma dende a entidade deportiva:

Taller de Solidaridad pon á disposición de quen o precise un conxunto de actividades didácticas e lúdicas que poden descargarse na nosa páxina web.



Autodirixida e coordinada con Taller de Solidaridad:

As entidades deportivas poden poñerse en contacto con Taller de Solidaridad para unirse ao proxecto ADESTRO CONCIENCIA, completando un formulario clickando aquí.

Que facer?

A proposta das actividades que facemos nesta guía baséase na experiencia de traballo do ADESTRO CONCIENCIA nestes últimos anos en Galicia.

A referencia destas actividades iniciais, así como a súa ampliación, pode ser consultada a través do documento pedagóxico desenvolvido pola entidade Taller de Solidaridad. Polo que, aquelas persoas que consideren necesario profundizar na información e nas actividades propostas, poderán encontrar información útil no documento “ENTRENO CONCIEN-

CIA: COMERCIO JUSTO, CONSUMO RESPONSABLE, GÉNERO COMPARTEN VALORES A TRAVÉS DEL DEPORTE” dispoñible para descarga na páxina web da entidade Taller de Solidaridad.

Estas actividades, recollidas a continuación, e que pretenden contribuír o coñecemento e á adquisición de aprendizaxes relacionados cos valores do deporte e os principios do Comercio Xusto, propoñen una secuencia de actividades flexibles e iniciais.



Proposta de actividades

1..... Brilé de Comercio Xusto

Mediante o xogo do balón prisioneiro, poñerase de manifesto a interacción dos principios do Comercio Xusto coas regras clásicas do xogo, promovendo o coñecemento dos valores do Comercio Xusto.

1. Primeira fase da actividade: Organizados os dous equipos, cada un colócase a un lado da cancha. De cada equipo o xogador número 10 sitúase no campo contrario pola parte exterior dos límites do rectángulo. Coa pelota en xogo, os e as xogadoras dos diferentes equipos tratarán de “eliminar” aos contrarios lanzando unha pelota para que esta os golpee sen ningún bote previo e que toque o chan posteriormente. Os e as xogadoras eliminados (que representen os principios do Comercio Xusto destruídos) irán ó área onde se encontra o xogador ou xogadora 10 do seu equipo e, neste momento, poderán eliminar os xogadores contrarios se a pelota chega as súas mans e con ela son capaces de tocar a algunha persoa do equipo contrario. Cada vez que un principio é destruído (ou un xogador eliminado), o resto dos membros do seu equipo deberán xogar baixo condicións complexas. É a representación de como a ausencia de principios do Comercio Xusto dificulta e xera inxustizas dentro do mercado convencional.

Se se elimina ao xogador ou xogadora número:

- Nº1 (creación de oportunidades para produtores/as): O equipo contrario recupera a algún dos seus xogadores/as eliminados.
- Nº2 (transparencia e rendición de contas): Elimínase automaticamente un xogador/a máis dese equipo que elixe o/a monitor/a, sen previa explicación.
- Nº3 (relacións comerciais xustas): O equipo contrario recupera a algún dos seus xogadores eliminados.
- Nº4 (pago dun prezo xusto): Elimínase automaticamente un xogador máis dese equipo que elixe o monitor/a.
- Nº5 (non ao traballo infantil e a explotación labo-

FICHA TÉCNICA

Obxectivos:

Poñer en valor os principios do Comercio Xusto, demostrando que a súa ausencia debilita as condicións dun mercado xusto.

Valores traballados:

Comercio Xusto e Igualdade de Xénero.

Nº de participantes aprox.:

Un total de 20 usuarios e usuarias, divididos en dous grupos.

Duración:

1 hora aproximada.

Materiais necesarios:

Pelota de balonmán ou voleibol, follas ou cartolinas para colgar ao pescozo dos participantes os dez principios do Comercio Xusto, corda para os carteis e guión de apoio.



Proposta de actividades

ral): Tódolos/as do equipo que queden no campo, xogan descalzos ou quitándose unha zapatilla.

- Nº6 (compromiso á equidade de xénero, á non discriminación e á liberdade de asociación): Os homes do equipo que queden no campo, xogan a pé manco.

- Nº7 (condicións de traballo e prácticas saudables): Tódolos/as xogadores/as do equipo que queden no campo, xogan descalzos ou quitándose unha zapatilla.

- Nº8 (desenvolvemento de capacidades): Todo o equipo que quede no campo, xoga cun ollo tapado cunha man.

- Nº9 (respecto polo Medio Ambiente): todo o equipo que quede no campo, xoga cun ollo tapado cunha man.

- Nº10 (promoción do Comercio Xusto): Nunca se elimina xa que está fóra desde o comezo.

Se algunha das condicións que se repiten é aplicada (por exemplo 1 e 3), só se aplica a primeira vez.

O xogo remata cando son eliminados tódolos/as xogadores/as dun equipo.

2. Segunda fase: Unha vez finalizado o partido, a segunda fase consistirá en reunir aos/ás participantes e preguntarlle as súas opinións para provocar a reflexión en canto ás dificultades que un comercio inxusto xera, tanto para a vida laboral de traballadores/as en circunstancias desafortunadas, como para o mesmo mercado e o medio ambiente. Que normas creedes que serían xustas no modelo de comercio? Que cambio sería o primeiro que debería realizarse para tentar conseguir un Comercio Xusto? Deberían ter algunha función diferente as mulleres e os homes nun modelo de Comercio Xusto? Agora existen estas diferenzas? Pensades que poden presentarse esas situacións? Coñeces personalmente situacións de explotación laboral ou oístes dalgún caso neste sentido?



Proposta de actividades

2..... A pelota inxusta

Proponse reflexionar sobre o Comercio Xusto a través dos principios, xogando co balón medicinal cando fagamos referencia ás vulneracións dos dereitos e desigualdades e cun balón normal cando nos refiramos ás normas do Comercio Xusto. O xogo consistirá en pasarnos os balóns en círculo cun xogador no medio intentando roubar o balón.

1. Primeira fase da actividade: organizamos dúas caixas de cartón, nunha poñemos por fóra o cartel do deseño de Comercio Xusto e dentro os 10 criterios de Comercio Xusto e a pelota de fútbol ou similar. Na outra, poñemos o deseño riscado, metemos os 10 criterios na súa versión negativa e o balón medicinal.

2. Segunda fase: organízanse os e as xogadoras en contorna á primeira caixa. Lense os criterios de Comercio Xusto e vanse analizando. Despois, colócanse todos en círculo cun xogador/a no medio e vanse pasando a pelota sen que a colla a persoa do medio; cando a consiga coller, o que perdeu o balón pasaría a estar no seu lugar. Reflexiónase acerca do que supón xogar cun balón de Comercio Xusto, coas regras establecidas e xustas e reflexiónase respecto diso.

3. Terceira fase: realízase o mesmo exercicio da segunda, pero cos papeis dos criterios negativos ao Comercio Xusto, na caixa onde se atopa o balón medicinal e que ten o selo de comercio inxusto. Lense os criterios en versión negativa, reflexiónase co feito de xogar cun balón bastante máis pesado e menos flexible ca o anterior.



FICHA TÉCNICA

Obxectivos:

Poñer en valor os principios do Comercio Xusto, demostrando que a súa ausencia debilita as condicións dun mercado xusto.

Valores traballados:

Comercio Xusto e Igualdade de Xénero.

Nº de participantes aprox.:

Un total de 20 usuarios e usuarias, divididos en dous grupos.

Duración:

1 hora aproximada.

Materiais necesarios:

Pelota de fútbol ou similar (preferiblemente de Comercio Xusto), 1 balón medicinal, 2 caixas de cartón onde caiban os balóns, 20 follas A4, pegamento, selos de Comercio Xusto e de Comercio Xusto riscado e guión de apoio.

Proposta de actividades

3..... Fútbol 3

Xógase un partido de fútbol (ou outro deporte) a 3 tempos. Un primeiro con regras estritas e marcadas, un segundo con regras en consenso e un terceiro de reflexión sobre o acontecido.

1. Primeira fase da actividade: reúnese aos/ás participantes para realizar a introdución. O monitor/a establece entón as regras coas cales se xogará o primeiro tempo do partido; este/a mostrarase estrito/a, asumindo para este primeiro tempo o papel de árbitro. Algunhas das regras poderán ser:

- As nenas non poden marcar gol.
- Un dos equipos pode xogar coas mans.
- Un dos equipos debe xogar sen porteiro.
- Algúns xogadores/as dun dos equipos, xogarán cun ollo tapado cunha man.
- Algúns xogadores/as dun dos equipos deben xogar cos cordóns dun dos zapatos atados ao zapato doutro compañeiro/a de equipo. Á parte disto, o/a monitor/a, no seu papel de árbitro, poderá pitar faltas inexistentes e tomar decisións que non responden á realidade. En especial, será máis inxusto coas nenas. A primeira parte durará 15 minutos aproximadamente.

2. Segunda fase: entretempo. Unha vez xogada a primeira parte, reuniranse todos e todas as participantes e o monitor/a preguntará que lles pareceu, facendo énfase nas regras inxustas coas cales se xogou e xerando un debate entre os participantes.

3. Terceira fase: nesta terceira fase, e unha vez finalizado o debate, propoñerase xogar un segundo tempo, onde o monitor/a participará como mediador/a. As regras serán definidas, esta vez, entre todas, e poderán suxerirse (no caso de que sexa necesario):

- Non se poden facer faltas nin varridas.
- O porteiro cámbiase cada vez que haxa gol, para que participen todos.

FICHA TÉCNICA

Obxectivos:

Promover as habilidades chave para a vida e empoderar aos/as máis novos/as para converterse en líderes e lideresas, cunha forte énfase no diálogo e a resolución de conflitos, e á vez sensibilizando sobre determinados valores.

Valores traballados:

Comercio Xusto e Igualdade de Xénero.

Nº de participantes aprox.:

De 5 a 7 xogadores/as por equipo. Poden ser partidos puntuais ou torneos.

Duración:

1 hora aproximada.

Materiais necesarios:

Pelota do deporte que se practique, cronómetro, chifre, bolígrafo, ficha de partido e guión de apoio

Proposta de actividades

- Non se poden facer tiros fortes de lonxe.
- Cando calquera xogador caia ao chan, detense o partido e axúdaselle a levantarse.
- Para que un gol sexa válido, ten que participar na xogada polo menos unha nena.
- Cando haxa un gol, sexa do equipo que sexa, todos e todas deben celebralo.

O papel do monitor, neste partido, será de observador, interferindo soamente en caso de conflito, ademais de cuestionar algunha situación na que se poidan incumprir as regras definidas.

4. Cuarta fase: como última fase, reuniranse outra vez todos e todas as participantes unha vez finalizado o segundo tempo, para avaliar e debater como foi coas novas regras; o monitor moderará o debate onde se expoñan as diferenzas e vincularanse as reflexións co Comercio Xusto e a Igualdade de Xénero. Tamén convidará a que entre os/as participantes haxa autocrítica sobre o cumprimento ou non das regras do 2º do tempo e aproveitarase para facer un exercicio de sensibilización sobre o Comercio Xusto e o como as regras do xogo determinan as dinámicas no deporte e o comercio. En caso de torneo preguntárase o punto extra de xogo limpo que se lle pode asignar a cada un dos equipos. Serán os xogadores quen o decidan.

Suxerimos estas preguntas: Por que se prexudicou sobre todo ás mozas no primeiro tempo do partido? Calles creedes que son os obstáculos reais das nenas actualmente? Por que cambios deberíamos loitar para procurar unha maior igualdade?



Proposta de actividades

4..... A carreira desigual

Propoñemos o desenvolvemento dunha actividade que se baseará na realización dunha carreira de substitucións, onde os equipos, separados entre mozos e mozas, terán certos obstáculos que representarán as desigualdades ás que deben facer fronte as mulleres.

1. Primeira fase da actividade: organizamos catro equipos mixtos de entre 5 e 10 persoas e procedemos ao desenvolvemento da carreira. É unha carreira de substitucións: primeiro corren dous equipos por cada rúa en dúas quendas e os observadores toman nota dos tempos. Gaña o equipo que menos tempo tarda en realizar a carreira.

2. Segunda fase: organízanse catro equipos: uns serán só de mozos e outros só de mozas. Nun dos carrís inclúense distintos obstáculos que se acompañarán de cartolinas con mensaxes, o outro carril mantense igual. Os mozos corren polo carril que ten os obstáculos e as mozas polo que non ten obstáculos. Gaña o equipo que menos tempo tarda en facer a carreira.

3. Terceira fase: créase un espazo de debate para que os participantes reflexionen sobre como se sentiron durante as carreiras.

Suxerimos estas preguntas: como vos sentistes? Estadades dacordo co resultado das carreiras? Cedes que houbo diferenza entre as primeiras carreiras e a segunda? Pedímoslles que un representante de cada equipo recolla unha das cartolinas e que a lea e explicámoslles como cada un destes obstáculos son os que se atopan as mulleres no desenvolvemento da súa carreira vital, educativa e profesional. Pedímoslles que nos dean algún exemplo que na súa contorna sexa reflexo destes obstáculos e de como superalos.

Unha vez realizadas estas actividades, realizaránse

FICHA TÉCNICA

Obxectivos:

Promover as habilidades chave para a vida e empoderar aos/asmáis novos/as para converterse en líderes e lideresas, cunha forte énfase no diálogo e a resolución de conflitos, e á vez sensibilizando sobre determinados valores.

Valores traballados:

Comercio Xusto e Igualdade de Xénero.

Nº de participantes aprox.:

De 5 a 7 xogadores/as por equipo. Poden ser partidos puntuais ou torneos.

Duración:

1 hora aproximada.

Materiais necesarios:

Pelota do deporte que se practique, cronómetro, chifre, bolígrafo, ficha de partido e guión de apoio

Proposta de actividades

outras máis complexas cun compoñente forte de incidencia sobre a igualdade de xénero no mundo do Deporte. Asímesmo, realizaránse accións sobre a resolución de conflitos.

Recordamos que estas actividades poderán ser consultadas e ampliadas con referencia a guía de actividades da entidade Taller de Solidaridad “ENTRENO CONCIENCIA: COMERCIO JUSTO, CONSUMO RESPONSABLE, GÉNERO COMPARTEN VALORES A TRAVÉS DEL DEPORTE” dispoñible para descarga dende a súa páxina web.

Na coordinación destas actividades, os adestradores e adestradoras poden ter a interlocución e o apoio dos monitores contratados polo ADESTRO CONCIENCIA así coma traballar en coordinación co persoal técnico de Taller de Solidaridad.



Proposta de actividades

5..... Relevos polo Comercio Xusto

Propoñemos realizar diferentes carreiras por equipos, dando premios de forma desigual e sen relacionalos co resultado da carreira, realizando despois unha reflexión.

1. Primeira fase da actividade: dispoñendo do material necesario para realizar a actividade (enunciados e definicións do Comercio Xusto e as respectivas imaxes) reuniremos aos e ás participantes e realizaremos un breve resumo, explicando que se realizará unha carreira de relevos (4 equipos, un por carril) co obxectivo de chegar ao final da pista, coller unha das fichas e volver para dar o relevo á seguinte persoa. Cada carril estará organizado de diferente maneira, co obxectivo de crear unha desigualdade entre os e as participantes, e ademais, non se lles comentará a “recompensa final”.

2. Segunda fase: o monitor ou monitora dará a saída e comezarán as carreiras, que durarán ata que todas as fichas sexan levadas á liña de saída. Unha vez finalizada, repartirase a recompensa correspondente segundo equipo e carril.

3. Terceira fase: Os equipos relacionarán entón a imaxe que vulnera cada un dos principios do Comercio Xusto coa súa definición e enunciado correspondente e, finalmente, relacionarán as definicións e principios con cada equipo e as dificultades e inxustizas de cada carril.

Suxerimos estas preguntas: Que principios non se cumpriron nesta carreira? Como vos sentistes vendo aos vosos e vosas compañeiras beber auga cando, ademais, se cansaron menos? Como vos sentistes estando nesta condición de superioridade fronte aos vosos e as vosas compañeiras? Que situacións do día a día tamén vos levan a pensar nas inxustizas dadas nesta carreira de relevos?

FICHA TÉCNICA

Obxectivos:

Poñer en relevo os principios do Comercio Xusto e as inxustizas que conleva o sistema comercial actual.

Valores traballados:

Comercio Xusto e Igualdade de Xénero.

Nº de participantes aprox.:

Uns 30 mozos e mozas.

Duración:

Indeterminada.




Materiais necesarios:

Aros de ximnasia, picas e conos, botellas de auga, imaxes dos 10 Principios do Comercio Xusto (x4), enunciado dos 10 Principios do Comercio Xusto, 1 por folio (x4); definicións dos 10 Principios do Comercio Xusto, 1 por folio (x4); guión de apoio.

Avaliación

A realización das actividades didácticas orientadas nesta guía deben incorporar mecanismos de avaliación que permitan recoller información sobre o proceso vivido así coma reflexionar sobre as dificultades e as fortalezas encontradas ao longo do proceso de aprendizaxe desenvolvidas nos clubs deportivos.

A proposta da avaliación do proceso divídese en tres instrumentos:

-  **1. AVALIACIÓN INDIVIDUAL DOS USUARIOS E USUARIAS DOS CLUBES DEPORTIVOS RECEPTORES DAS ACTIVIDADES.**
-  **2. AVALIACIÓN CONXUNTA E GRUPAL DOS USUARIOS E USUARIAS.**
-  **3. AVALIACIÓN DOS ADESTRADORES E ADESTRADORAS DOS CLUBES DEPORTIVOS.**

¡Atópaas a continuación!

FICHA 1.



Modelo de avaliación individual dos usuarios e usuarias participantes nas actividades.

CLUBE DEPORTIVO:

ADESTRADOR:

IDADE:

DATA:

NIVEL:

XÉNERO:

Sinala cunha cruz, a continuación, as actividades nas que participaches:

BRILÉ DE Comercio Xusto: **A PELOTA INXUSTA:** **FÚTBOL 3:**
A CARREIRA DESIGUAL: **OUTRAS (DI CAL):**

Valora de 1 a 5 a satisfacción dos diferentes aspectos das actividades (sendo o 1 que estás moi insatisfeito/a e o 5 moi satisfeito/a)

TEMÁTICA: 1 2 3 4 5

CONTIDOS: 1 2 3 4 5

DINÁMICA: 1 2 3 4 5

Valora de 1 a 5 o moito ou pouco que estás dacordo coas seguintes afirmacións (sendo o 1 que estás moi en desacordo e o 5 moi dacordo)

Os contidos das actividades, proporcionáronche ferramentas para reflexionar sobre as túas pautas de consumo e os teus hábitos deportivos. 1 2 3 4 5

Valoras positivamente as diversas actividades nas que participaches, en xeral. 1 2 3 4 5

Interésache seguir participando en actividades sobre o Comercio Xusto e o consumo responsable. 1 2 3 4 5

Consideras que as actividades realizadas incidiron nas túas pautas e hábitos de consumo cotiás. 1 2 3 4 5

FICHA 2.



Modelo de avaliación conxunta e grupal dos usuarios e usuarias dos clubs deportivos.

O adestrador ou adestradora levantará información grupal coa finalidade de coñecer aspectos cualitativos relacionados co desenvolvemento das actividades. Para a realización da avaliación grupal, deberán facerse varios grupos en función da cantidade de participantes das actividades. A recomendación é que cada grupo estea composto por un mínimo de 3 persoas participantes ou un máximo de 5 persoas participantes. Durante 15 minutos cada un dos grupos deberá consensuar as súas respostas e despois recollelas nos seguintes recadros. Unha vez recollida esta información por cada grupo, deberán poñerse en común con toda a poboación participante nas actividades.

Resalta as principais aprendizaxes adquiridas:

Describe os sentimentos percibidos:

Que facemos co aprendido e vivido?

Lista as cousas positivas e negativas das actividades:

Como modificamos os nosos hábitos e pautas de consumo?

FICHA 3.



Modelo de avaliación para adestradores e adestradoras dos clubs deportivos

Destaca as ideas máis interesantes das actividades:

Cales son as dificultades atopadas na execución das actividades?

Cales son as aprendizaxes derivadas da execución das actividades?

Conclusións

A través da avaliación do desenvolvemento do proxecto ADESTRO CONCIENCIA estes últimos tres anos, podemos dicir que xerou, entre as persoas participantes nas actividades, unha serie de aprendizaxes significativos nos conceptos de Comercio Xusto, igualdade de xénero e sobre o coñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A través das enquisas realizadas ás e aos participantes os principais resultados acadados foron os seguintes:

A poboación participante amosa un maior coñecemento no concepto do Comercio Xusto pasando dun nivel de entendemento baixo a un nivel medio alto.

Os e as participantes no proxecto coñecen a través da evolución do Adestro Conciencia os conceptos relacionados coa axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

As persoas participantes amosan unha maior reflexión sobre o concepto entorno a igualdade de xénero.

Os resultados atopados son significativamente máis relevantes nos usuarios e usuarias dos clubs deportivos, xa que supón o inicio de traballo da educación ao desenvolvemento nun ámbito onde non se produciran reflexións entorno a estes conceptos. Este feito supón un carácter innovador por parte do proxecto que debe seguir a ser traballado para consolidar os conceptos que vinculan o Comercio Xusto, o consumo responsable e as prácticas do deporte.

